

ESTEREOTIPOS E PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS: A SÚA REPERCUSIÓN NOS USOS

As linguas non son só sistemas de comunicación, tamén son signos de identidade cultural. As linguas asóciase a unha cultura e a unha comunidade, á que lle dan coherencia. As formas de falar identificannos como membros dunha comunidade. Se se está orgulloso desa identidade, non a desprezamos nin a minusvaloramos. Os problemas xorden nas comunidades con bilingüismo social con diglosia orixinada pola expansión política doutra comunidade.

Desde o punto de vista sociolingüístico, a situación do galego pode describirse como un caso de bilingüismo social con diglosia. A **diglosia** prodúcese cando nunha mesma comunidade conviven dúas linguas cunha distribución desigual das súas **funcións sociais**: unha lingua de prestixio ou lingua A, que é empregada nos usos formais e prestixiados, e unha lingua minorizada ou lingua B (que adoita ser a propia da comunidade), reservada para os usos informais e menos prestixiosos. As consecuencias desta situación son a **minorización** da lingua B e o **conflito lingüístico**, é dicir, a tensión que se produce entre esas linguas para asumir un maior número de funcións, prestixio e falantes.

As saídas a este conflito, que pode perdurar centos de anos, son principalmente dúas: a **substitución lingüística** (o abandono da lingua B a favor da lingua dominante A) ou a **normalización** (o proceso de recuperación plena dos usos e funcións da lingua B na súa comunidade).

Uns dos atrancos máis graves para a normalización social do galego son os estereotipos e os prexuizos lingüísticos. Os **prexuizos** son valoracións baseadas en ideas erradas ou realizadas con descoñecemento do asunto que se xulga e que, xeralmente, teñen como consecuencia actitudes e comportamentos negativos. Os prexuizos non son innatos no ser humano, senón aprendidos ao longo do proceso de socialización, moi especialmente na infancia e na adolescencia. Así, os principais transmisores, tanto polo discurso como polas condutas, son a familia, o sistema educativo, os medios de comunicación e os grupos sociais nos que nos movemos.

Os prexuizos atinxen tamén ás linguas e aos seus falantes: son os **prexuizos lingüísticos**. No caso das linguas minorizadas, estes prexuizos poden ter efectos moi negativos: aumentar os usos diglósicos e a súa minorización, provocar a ruptura da transmisión familiar e, polo tanto, deter a normalización e acelerar a desaparición dunha lingua.

O galego, lingua inmersa nun proceso de minorización secular, viuse, e vese aínda, afectado por prexuizos lingüísticos, que se foron asentando en amplas capas da sociedade, intensificados por un complexo xeral de inferioridade (o denominado **autoodio**), que levou tamén ao rexeitamento e minusvaloración de moitos dos nosos trazos culturais e sinais de identidade.

Algúns dos prexuizos lingüísticos sobre o galego son: a lingua galega vale para a vida rural e afectiva, pero non é útil para o mundo da ciencia e da técnica; o galego representa o atraso mentres que o castelán simboliza a modernidade; os que falan galego son da aldea; toda a xente das cidades fala castelán; o galego fálase distinto en cada sitio; o bo galego é o que fala a xente maior; o estándar moderno é un invento de profesores, un idioma artificial...